



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTECESO

##### Secretaría

*Convocatoria para a elección de xuíz/a de paz substituto/a*

##### ANUNCIO

##### CONVOCATORIA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ/A DE PAZ SUBSTITUTO/A

Pola resolución de Alcaldía núm. 166/2023 de data 27-02-2023 acordouse iniciar expediente para a elección de xuíz/a de paz substituto/a do Concello de Ponteceso, de conformidade co disposto nos artigos 101 da Lei orgánica do Poder Xudicial e no 21 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos xuíces de paz.

A tal fin, faise pública a convocatoria para proceder á dita elección, abríndose un prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), para que todas aquelas persoas que estean interesadas e reúnan os requisitos establecidos na Lei orgánica do Poder Xudicial, soliciten participar mediante escrito dirixido a esta Alcaldía e presentado no Rexistro Xeral deste concello, ao que se acompañará a seguinte documentación:

- a) Certificado de nacemento ou fotocopia autenticada do DNI.
- b) Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980, relativa a non estar inculpado nin procesado.
- c) Xustificación documental dos méritos que alegue o/a solicitante.
- d) Declaración xurada de non estar incapacitado, segundo o establecido no artigo 33 da LOPX e de non incorrer nas incompatibilidades e prohibicións establecidas nos artigos 389 e seguintes da LOPX, no que sexa de aplicación aos xuíces de paz.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ponteceso, 1 de marzo de 2023

O alcalde,

Xosé Lois García Carballido

2023/1485